

PÁJAROS DE VERANO

[Cristina Gallego / Ciro Guerra, 2018]

494

ESTREA EN NUMAX: 01.03.2019 | V.O.S.E. | +12

Pájaros de verano (2018, 125')

Dirección: Cristina Gallego, Ciro Guerra

Guión: Cristina Gallego, Ciro Guerra

Elenco: Carmina Martínez, José Acosta, Natalia Reyes, Jhon Narváez, Greider Meza, José Vicente Cote, Juan Bautista Martínez

Son: Carlos García

Montaxe: Miguel Schverdfinger

Música: Leonardo Heiblum

Dirección de arte: Angélica Perea

Vestuario: Catherine Rodríguez

Fotografía: David Gallego

Produtoras: Ciudad Lunar Producciones, Blond Indian Films, Pimienta Films, Snowglobe Films, Films Boutique (Colombia, Dinamarca, México)

Distribuidora: eOne Films

Formato de proxección: DCP2K, 2.35:1

Idioma orixinal: Wayúu, español, inglés

PREMIOS E FESTIVAIS

Fénix 2018 (Mellor filme, música e actriz – Carmina Martínez—), Cannes 2018 (Quincena dos Realizadores), Donostia 2018 (Sección Perlas), Oscar 2019 (Seleccionada por Colombia), Cairo 2018 (Mellor guión), Chicago 2018 (Mellor dirección artística)

FILMOGRAFÍA CIRO GUERRA

El abrazo de la serpiente, 2015

Los viajes del viento, 2009

La sombra del caminante, 2004

Intento, 2001 [curtametraxe]

SINOPSE

Baseado nunha historia real que explica a orixe do narcotráfico en Colombia, o filme sitúase nos anos 70 cando a xuventude norteamericana abraza a cultura hippie e con ela a marihuana. Isto provoca que os agricultores da zona se convertan en empresarios a un ritmo veloz. No deserto de Guajira, unha familia indíxena Wayuu vese obrigada a asumir un papel de liderado nesta nova empresa. A riqueza e o poder combínanse cunha guerra fratricida que porá en grave perigo a súa familia, as súas vidas e as súas tradicións ancestrais.

«Entre o soño, a fábula e a máis crúa das realidades, o resultado é un filme admirábel e moi doloroso»

Luis Martínez, EL MUNDO



Un filme de gánsters e espíritos

Por Cristina Gallego e Ciro Guerra

Un filme coral, familiar, de mulleres fortes, intuitivas e poderosas; que agardan en casa a homes inconscientes, impulsivos, temerosos, que negocian, falan e actúan. Intuición ou razón; inocencia ou vinganza; palabra ou honra. Todo en medio da gran traxedia que nos marcaría para sempre. O gran tabú do que xa non podemos falar. Dito, por primeira vez, de maneira propia, íntima e persoal.

Aquel orballo suave que chegou para refrescar, e que se converteu en treboada que arrasou, e que nos deixou ver o que significaba o capitalismo na súa forma máis pura. O noso jayeechi, o canto dos paxaros de verán.

«Non quixemos glorificar os gánsters nin caer no exotismo ou a glamourización»

Entrevista con Cristina Gallego e Ciro Guerra

Por Juan Sardá

No filme fálase da bonanza marimbera. Que era iso? Cristina Gallego [C.Ga]: Era unha sociedade comercial acostumada

aos intercambios coa rexión caribeña: Colombia, Venezuela, Bahamas, Antillas... Dedicáronse durante moito tempo ao contrabando. O que pasou desde finais dos 60 coa chegada dese diñeiro e a violencia foi a abrupta chegada dun capitalismo salvaxe que o destrúe todo. Os wayúus dinche que a bonanza rematou, moita xente morreu e todos os valentes están enterrados porque sobreviviron os covardes. Despois, cando en EEUU comezaron a cultivar a súa propia marihuana, rematou de súpeto e comezou a época da cocaína, que xa foi moi contada.

Ciro Guerra [C.Gue]: O que vemos coa historia da bonanza marimbera nun tempo reducido de apenas unha década é como unha sociedade rural, afastada da modernidade, experimenta o proceso completo do ciclo capitalista en moi pouco tempo. Nun microcosmos moi concreto vemos como o capitalismo actúa cando non ten ningunha regra nin supervisión nin se rexe por leis.

Como reflexan o mundo de costumes milenarias dos wayúus? C.Ga: A sociedade wayúu soubo manter unha cultura milenaria baseada no comercio. O *palabreiro*, o que transmite a palabra, o que mantén a paz entre as familias e os clans nunha sociedade sen Estado. Neste mundo, a honra e a palabra dada son fundamentais, porque é o que mantén a paz. Non hai paz sen acordos, sen diálogo. C.Gue: As culturas indíxenas en América Latina son moi dinámicas e teñen unha gran capacidade de adaptación grazas a procesos de sincretismo e mestizaxe. Toman de cada cultura o que precisan e

adáptanse ao mundo. Son unha sociedade que pola súa posición xeográfica está afeita a lidar cos estranxeiros e comerciar con eles. Crearon un sistema que lles permitiu protexerse desa influencia, mesmo dos españois con armas de lume, pero non dese capitalismo salvaxe.

De que forma incorporan os códigos do cinema de gánster? C.Ga: Para nós había unhas liñas importantes de traballo. A primeira, partir dunha estrutura de traxedia e non glorificar os gánster nin caer no exotismo ou a glamourización. Algúns filmes queren converter en heroes a estes capos como se fosen Robin Hood. Neste caso, vemos unha familia abocada a un destino trágico, non importa se toma unha decisión ou outra. Nunha familia vemos como as loitas de poder interno a destrúen, porque non son factores externos senón as súas propias paixóns.

Por que prefiren contar historias de indíxenas nos seus filmes?

C.Gue: Colombia é un país moi rico en coñecemento ancestral. Temos máis de 67 linguas, co que implica en riqueza, diversidade e coñecemento. Sentiamos que esa riqueza non se vira no cinema e non se tiña representado, é unha nova forma de mirar. O cinema volveuse moi aburrido e se miras a carteira de hai trinta anos, súguense a contar as mesmas historias. Esas comunidades teñen historias frescas que contar desde unha perspectiva que non coñecemos.

Publicado en www.elcultural.com
Traducións: Xan Gómez Viñas

NA LIBRARÍA NUMAX

El abrazo de la serpiente, Ciro Guerra.
Karma [BR / DVD]

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

4€
Faito
NUMAX!
Abónate
agora e ven
sempre por